

SONATA DE OUTONO

Ingmar Bergman, 1968

1696

ESTREA EN NUMAX: 12.03.2026 | V.O.S.E. | 99 min

Charlotte (Ingrid Bergman) é unha famosa concertista de piano que estivo tan volcada na súa carreira que non viu a súa filla Eva (Liv Ullmann) en sete anos. Eva, que vive co seu marido, un pastor protestante, e cunha irmá gravemente incapacitada, mantén coa súa nai unha relación de amor-odio. Logo de tantos anos, Charlotte decide íla visitar, pero o encontro axiña se converterá nun tenso duelo entre nai e filla.

«Unha reflexión austera e fermosa
sobre a morte e a posibilidade non
sempre evidente de reconciliación»

Kith Philipps, AV CLUB



Sufrimentos herdados

Por Abdennur Prado

Sonata de outono opón saber vivir a saber existir: de como os conflitos emocionais non resoltos se transmiten dunha xeración a outra. Baixo a aparencia dunha boa vida pode ocultarse un inferno emocional, unha paisaxe interior devastada. A película esta radicalmente centrada en mostrar as citadas emocións, a través dos rostros de Charlotte (a nai, interpretada por Ingrid Bergman) e de Eva (a filla, Liv Ullman). A nai é unha famosa pianista, unha muller cosmopolita, brillante e aclamada. A filla é a esposa dun vicario, que vive nunha fermosa casa de campo, chea de libros e onde se respira comprensión. Nunha noite en vela producírase un encontro catártico entre ambas, no cal a filla desvelará as miserias da nai: de como a súa incapacidade de amar condicionou a súa vida e a da súa irmá. Pois unha cousa é saber existir: representar á perfección os papeis que adoptamos, xa sexa por elección ou porque nos sexan designados. E outra saber vivir: coidar da propia alma e da dos demais, ser empático cos que nos rodean, especialmente con aqueles que son parte dun mesmo.

O que impresiona de *Sonata de outono* é ver reflectidas dunha forma tan punzante as secuelas da falta de amor dunha nai cara ás súas fillas. Pero esa falta de amor foi á súa vez herdada pola nai, a cal confesa non lembrar nin unha soa mostra de afecto por parte dos seus pais... O cal nos leva a expornos: seica a vida que apenas logramos vivir non é o cúmulo irresoluble dos sufrimentos, as frustracións e os conflitos non resoltos das xeracións precedentes? Hérdase a felicidade igual que se herda a infelicidade? O primeiro é dubidoso, o segundo é seguro... O cal suscita outra pregunta: como lograremos romper con este círculo vicioso? Suen logrará sandar as emocións enquistadas, as cales chegan a manifestarse corporalmente en forma de enfermidades ou tensións?

A filla trata de aprender a vivir con esa inmensa carga, cunha infancia marcada pola ausencia e a falta de amor da súa nai, o recordo do seu fillo morto e a compañía da súa irmá enferma. A nai foxe de todo, o seu talento como pianista permitiulle evadirse do plano emocional, ter un papel satisfactorio que representar, o cal lle reportou diñeiro e recoñecemento social.

Sendo aparentemente un personaxe típico de Ingmar Bergman, o de Eva constitúe unha excepción. Trátase dunha muller autenticamente “relixiosa”, no sentido de que vive unha apertura a un mundo intanxible do cal recibe forzas para soportar a súa carga. Pero, non é este mundo tamén un lugar no cal se evade, igual que a arte o é para a súa nai? Trátase en todo caso dunha fuxida cara ao seu propio interior, que lle permite manter unha conexión co invisible, incluída a crenza de que o seu fillo morto segue preto dela. Para o espectador está claro que se hai un indicio de autenticidade está na filla. Nesta interioridade, representada polo seu paseo e monólogo interior no cemiterio, reside a única posibilidade de sanación. Pero, pode que o perdón que ofrece non é un modo de resignación, que o deixará todo como estaba antes da catarse? É dubidoso que esta fose realmente sanadora, pois Bergman non mostra os seus efectos e si a continuidade do que había. Pero aí reside a única saída: o espirse das emocións, o sacalo todo á superficie e enfrontarse ao sufrimento emocional, como único modo de liberación da carga que herdamos. E con todo, cantas cousas sen dicir! A vida entre pais e fillos adoita pasar sen eses sobressaltos: sabemos que *Sonata de outono* é unha obra de ficción, que destapa aquilo que normalmente deixamos encuberto. Cada cal sabe o que cala; ou, máis ben, nin sequera é consciente de ata que punto a súa vida vén marcada por conflitos non resoltos herdados, de modo que pasa a súa vida sen enfrontarse a eles.